

CONCELLO DE CULLEREDO

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA
CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL O
DIA 17 DE XUÑO DE 2023**

C.I.F. P-1503100-H



ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CULLEREDO DE 17 DE XUÑO DE 2023

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Culleredo, sendo as doce horas do día 17 de xuño de 2023 comparecen as Sras. e Sres. que de seguido se relacionan na súa invocada condición de concelleiros electos, a efectos de celebrar, en acto público, sesión constitutiva da Corporación Municipal xurdida das eleccións locais convocadas por R.D. 207/2023, de 3 de abril (publicado no BOE núm. 80 de 4 de abril de 2023) e celebradas o 28 de maio de 2023, dando con iso cumprimento ó establecido nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral.

De acordo coa Acta de Proclamación da Xunta Electoral de Zona de Coruña de 4 de xuño de 2023 (registro de entrada núm. 2023/6271 de 6 de xuño de 2023) os concelleiros desta Corporación Municipal proclamados electos, e polo orde que na Acta referida figuran, son os seguintes:

C.I.F. P-1503100-H

		CONCELLEIROS ELECTOS	PARTIDO POLÍTICO OU COALICIÓN ELECTORAL
1	(1)	JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO	PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)
2	(2)	CRISTINA PARDO PORTOS	PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)
3	(3)	CARLOS LIÑARES GESTAL	PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)
4	(4)	MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA	PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)
5	(5)	MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ	PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)
6	(6)	JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE	PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)
7	(7)	MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES	PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)
8	(8)	MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ	PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)

C.I.F. P-1503100-H

		CONCELLEIROS ELECTOS	PARTIDO POLÍTICO OU COALICIÓN ELECTORAL
9	(1)	ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO	BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)
10	(2)	MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA	BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)
11	(3)	GONZALO MÉNDEZ MOSQUEIRA	BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)
12	(4)	XABIER FERNÁNDEZ VILLARRENAGA VÁZQUEZ	BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)
13	(1)	INDRANI THAIS PALLA MACEIRAS	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AV)
14	(2)	MIGUEL FRAGA PULLEIRO	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AV)
15	(1)	IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU	PARTIDO POPULAR (P.P.)
16	(2)	MARCO ANTONIO PAZOS REGUEIRO	PARTIDO POPULAR (P.P.)
17	(3)	JUAN CARLOS LEITES MANEIRO	PARTIDO POPULAR (P.P.)
18	(4)	JOSE ANTONIO GOLPE FARALDO	PARTIDO POPULAR (P.P.)
19	(5)	VANESA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	PARTIDO POPULAR (P.P.)
20	(6)	ANTONIO BOUZA TEIJEIRO	PARTIDO POPULAR (P.P.)
21	(7)	MANUEL NÚÑEZ SEOANE	PARTIDO POPULAR (P.P.)

Dá fe do acto o secretario municipal, don Jose Villán Fuertes, e asisten a interventora municipal, dona Sonia Corral Corral, e a tesoureira municipal, dona María Gema Vázquez López.

Esta sesión pública constitutiva da Corporación municipal desenvolverase conforme ó esquema incluído na convocatoria (res. Alcaldía núm. 1160/2023 do 14/06/2023).

O Sr. secretario declara aberta a sesión e procede a dar lectura ás disposicións aplicables á constitución dos concellos establecidas no artigo 195.1 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Por parte da Secretaría e da Intervención municipais do Concello infórmase do seguinte:

1º.- Da recepción das credenciais acreditativas dos 21 concelleiros electos, que foron cotexadas cos seus Documento Nacional de Identidade e coa Acta de Proclamación de 4 de xuño, expedida pola Xunta Electoral de Zona de Coruña.

2º.- Que, así mesmo, os vinte e un concelleiros electos formularon as declaracións para o Rexistro de Intereses (Declaración de Bens Patrimoniais e Declaración sobre Causas de posible Incompatibilidade e Actividades) e liquidación de impostos, ás que se refire o artigo 75.7 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local e conforme ós modelos aprobados polo Pleno da Corporación.-

3º.- Do cumprimento co disposto polo art. 36.2 do RD. 2568/1986 que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, referido á Acta de Arqueo e Inventario do Concello de Culleredo, que se pon a disposición dos concelleiros electos para a súa comprobación e exame neste momento ou ó finalizar esta sesión constitutiva da Corporación municipal. Unírase unha copia asinada das actas de arqueo e da Memoria-informe de comprobación do Inventario como Anexos a esta acta.

Pola Sra. interventora municipal dáse conta expresamente aos concelleiros electos do total das cifras da Acta de Arqueo.

Constitución da Mesa de Idade e comprobacións previas á constitución da corporación.

O Sr. secretario chama aos concelleiros electos de maior e menor idade ó obxecto de constituíla Mesa de idade que, de conformidade co disposto no artigo 195.2 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e no artigo 37.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, (RD 2568/1986), estará formada polo concelleiro electo de maior idade, don Manuel Núñez Seoane, do Partido Popular, que actuará como presidente, pola concelleira electa de menor idade, dona Cristina Pardo Portos, do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, e polo secretario municipal da Corporación. Este invita aos primeiros a que suban ao estrado e ocupen os lugares destinados para o efecto, quedando deste xeito constituída a Mesa de idade.

Procédese, por tanto, á constitución da Mesa de Idade que, asistida polo secretario, queda integrada polo concelleiro de maior idade que a preside, D. Manuel Núñez Seoane, e a concelleira de menor idade, D^a. Cristina Pardo Portos.

Seguidamente a vogal da Mesa de Idade, Sra. Pardo Portos, procede a dar lectura ao nome e apelidos de cada un dos candidatos electos que figuran na Acta de Proclamación de Electos de data 4 de xuño de 2023 remitidas pola Xunta Electoral de Zona de A Coruña.

O presidente da Mesa de Idade, Sr. Núñez Seoane, manifesta

- Que están a disposición da mesma as credenciais dos concelleiros electos, que foron comprobadas polo servizo de Secretaría, de conformidade co previsto no artigo 195.3 da LOREG, coa acta de proclamación de electos remitida pola Xunta electoral de Zona de A Coruña;
- que se teñen posto a disposición da mesma as declaracións de bens patrimoniais e de actividades e outras causas de posible incompatibilidade de todos os concelleiros electos; e
- que asisten á sesión a totalidade dos concelleiros, polo que se cumpre co requisito da maioría esixida pola normativa vixente para a celebración da sesión constitutiva; procedéndose de seguido ao xuramento ou promesa e toma de posesión dos cargos de concelleiros/as.

Toma de posesión dos concelleiros electos.

O presidente da Mesa de Idade, Sr. Núñez Seoane, comunica que se procederá de seguido ao xuramento ou promesa e toma de posesión dos cargos de concelleiros/as.

De seguido pásase ao xuramento ou promesa do desempeño do cargo polos concelleiros e concelleiras electos. O Sr. secretario chama, en primeiro lugar, ao presidente da Mesa de idade e, en segundo lugar, á vogal da Mesa. A continuación a vogal da Mesa de Idade, Sra. Pardo Portos, chama ós concelleiros electos, pola orde que figuran na acta de proclamación de electos da Xunta Electoral de Zona, para a toma de posesión dos mesmos prestando todos eles xuramento ou promesa persoalmente segundo a fórmula prevista no R.D. 707/1979, de 5 de abril.

C.I.F. P-1503100-H

Constitución da corporación municipal.

Trala toma de posesión dos cargos de concelleiros/as, e estando presentes a totalidade do número legal de membros da Corporación, vinte e un (21), o Presidente da Mesa de Idade, Sr. Núñez Seoane, declara válida e formalmente constituída a Corporación Municipal do Concello de Culleredo; felicitando a tódolos concelleiros polo cargo do que tomaron posesión.

Elección de Alcalde

A continuación, con permiso da Presidencia, o Sr. secretario da lectura ao artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente da Mesa de Idade e manifesta que os concelleiros que encabezan as correspondentes listas son os seguintes:

1. Don José Ramón Rioboo Castro (PSdG-PSOE)

2. Dona Izaskun García Gorostizu (PP)
3. Don Enrique Antonio Chouciño Garrido (BNG),
4. Dona Indrani Thais Palla Maceiras (AV)

A continuación o presidente da Mesa indica que se vai proceder á elección de Alcalde nos termos previstos na lexislación electoral. Concede a palabra, por orde de maior a menor representatividade, ós cabezas de lista de cada partido ou formación política para que presenten candidato a alcalde ou manifesten a súa renuncia.

- ☐ Partido dos Socialistas de Galicia (PSdG-PSOE) presenta como candidato á Alcaldía a Don José Ramón Rioboo Castro.
- ☐ Partido Popular (P.P.) presenta como candidata á Alcaldía a Dona Izaskun García Gorostizu.
- ☐ Partido Bloque Nacionalista Galego (BNG) renuncia a presentar candidato á Alcaldía.
- ☐ Partido Alternativa dos Veciños (AV) presenta como candidata á Alcaldía a Dona Indrani Thais Palla Maceiras.

C.I.F. P-1503100-H

Tralas anteriores intervencións o Sr. presidente da Mesa de Idade proclama como candidatos á Alcaldía de Culleredo ós Sres. concelleiros seguintes:

- ☐ Don José Ramón Rioboo Castro, polo partido dos Socialistas de Galicia.
- ☐ Dona Izaskun García Gorostizu, polo Partido Popular.
- ☐ Dona Indrani Thais Palla Maceiras, polo partido Alternativa dos Veciños.

A continuación procédese a determinar o sistema de votación para a elección de Alcalde. Polo Sr. Presidente da Mesa de Idade proponse que o sistema de votación sexa a votación nominal, que consiste en que unha vez nominado cada un dos/as concelleiros/as por orde alfabético de apelidos, cada un pronunciará o seu voto respecto das candidaturas presentadas, sendo elixido alcalde, de conformidade co disposto polo artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, o candidato que obteña a maioría absoluta de votos na primeira votación e, no seu defecto, o candidato da lista que obtivera máis votos nas eleccións.

Seguidamente sométese a votación ordinaria a proposta do Sr. Presidente da Mesa de Idade, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o sistema de votación nominal para elección de alcalde.

Deseguido procédese a realizar a votación e a Vogal da Mesa de Idade, Sra. Pardo Portos, vai chamando por orde alfabética de apelidos ós Sres. concelleiros que van nomeando ao candidato ao que dan o seu voto. Os membros da Mesa de Idade votan en último lugar.

Relación de concelleiros e sentido do seu voto

C.I.F. P-1503100-H

Antonio Bouza Teijeiro	PP	Izaskun García Gorostizu
Enrique Antonio Chouciño Garrido	BNG	Abstención
Vanessa Fernández González	PP	Izaskun García Gorostizu
Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez	BNG	Abstención
Marta María Figueroa Fuentes	PSdG-PSOE	José Ramón Rioboo Castro
Miguel Fraga Pulleiro	AV	Indrani Thais Palla Maceiras
Izaskun García Gorostizu	PP	Izaskun García Gorostizu
José Antonio Golpe Faraldo	PP	Izaskun García Gorostizu
Marta María Iglesias Becerra	PSdG-PSOE	José Ramón Rioboo Castro
Mario Alfonso Iglesias Gómez	PSdG-PSOE	José Ramón Rioboo Castro
Juan Carlos Iglesias Lovelle	PSdG-PSOE	José Ramón Rioboo Castro
Juan Carlos Leites Maneiro	PP	Izaskun García Gorostizu
Carlos Liñares Gestal	PSdG-PSOE	José Ramón Rioboo Castro
María Penélope López Díaz	PSdG-PSOE	José Ramón Rioboo Castro
Gonzalo Méndez Mosqueira	BNG	Abstención
Indrani Thais Palla Maceiras	AV	Indrani Thais Palla Maceiras
Marco Antonio Pazos Regueiro	PP	Izaskun García Gorostizu
María Beatriz Pérez Mosquera	BNG	Abstención
José Ramón Rioboo Castro	PSdG-PSOE	José Ramón Rioboo Castro
Cristina Pardo Portos	PSdG-PSOE	José Ramón Rioboo Castro
Manuel Núñez Seoane	PP	Izaskun García Gorostizu

Finalizada a votación, a Mesa realiza o escrutinio dos vinte e un votos validamente emitidos que ofrece o seguinte resultado que é anunciado pola presidente da Mesa de idade:

Candidatos votos obtidos

- | | |
|--|-----------------|
| ☐ D. José Ramón Rioboo Castro | Oito (8) votos |
| ☐ Dona Izaskun García Gorostizu | Sete (7) votos |
| ☐ Dona Indrani Thais Palla Maceiras | Dous (2) votos |
| ☐ Abstencións | Catro (4) votos |

En consecuencia có resultado e de acordo co previsto no artigo 196.c) da Lei Orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral, o Presidente da Mesa de Idade proclama alcalde do Concello de Culleredo ó concelleiro D. José Ramón Rioboo Castro, da lista electoral do Partido dos Socialistas de Galicia, posto que ningunha candidatura acadou a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e o Partido dos Socialistas de Galicia foi o partido que obtivo o maior número de votos (4.861) nas eleccións municipais celebradas o 28/05/2023, segundo consta na acta de proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona.

Á vista do resultado da votación, a Mesa de Idade proclama alcalde do Concello de Culleredo ao candidato da lista electoral do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español, don JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO.

Toma de posesión do cargo de alcalde

A continuación o Presidente da Mesa de Idade toma ó alcalde electo, Sr. Rioboo Castro, xuramento ou promesa do cargo, quen o presta persoalmente segundo a fórmula prevista no R.D. 707/1979, de 5 de abril.

O Presidente da Mesa de idade declara que cumprimentado o xuramento de acatamento á Constitución queda posesionado do cargo de Alcalde do Concello de Culleredo Don José Ramón Rioboo Castro, entregándolle o bastón de mando como símbolo das atribucións propias do cargo, e finalizada a tarefa de aquela disólvese coa ocupación polos seus integrantes dos correspondentes *escaños*.

Ocupando de seguido a cadeira presidencial o alcalde, Sr. Rioboo Castro, pasando a presidir a sesión que continúa coa súa intervención

Transcríbese a continuación a intervención literal do Sr. alcalde:

«Compañeiros e compañeiras do grupo socialista

Concelleiros e concelleiras da corporación

Veciños e veciñas

Amigos e amigas

É unha honra para min volver a recibir hoxe este simbólico bastón de mando. Porque iso significa que a cidadanía de Culleredo decidiu o pasado 28 de maio depositar a confianza no Partido Socialista como forza máis votada para dirixir este Concello ante os numerosos retos que temos por diante. É un orgullo asumir esta responsabilidade ante os meus veciños e veciñas, aos que lles garanto o meu total compromiso de loitar por facer de Culleredo o mellor lugar para vivir.

Como é natural, todas as forzas que nos presentabamos ás eleccións buscabamos contar coa maioría suficiente para levar a cabo o noso programa. A decisión soberana da cidadanía foi a de configurar unha corporación sen maiorías e a responsabilidade de cada un dos concelleiras e concelleiras electas será a de traballar en conxunto polo interese xeral. Debemos estar á altura da encomenda dos nosos veciños e veciñas, sen lastres en forma de relacións persoais ou afáns partidistas que obstaculicen o avance de Culleredo.

Este compromiso debe ser unha autoesixencia innegociable no sentir de todos os membros desta nova corporación. Eu, como alcalde, quero afirmar a miña determinación para o diálogo e o acordo como fórmulas indispensables para o funcionamento acompañado que necesita o Concello.

Claro que atrás quedan puntos de discordancia con concelleiros desta corporación. Claro que non foi posible entender certas conductas, pouco axeitadas baixo o noso punto de vista. Pero a política é a arte do entendemento, da busca de puntos de acordo entre posturas afastadas. Tendo clara esta definición, agora nos toca predicar co exemplo. A miña man está tendida ás formacións que queiran contribuír de forma construtiva ao obxectivo que sempre defendeu e defenderá o grupo socialista: incrementar o benestar dos nosos cidadáns.

Queremos seguir construíndo un Culleredo transformado, con novos servizos, con espazos públicos coidados e de calidade, con mellores infraestruturas, con zonas verdes e naturais, con capacidade para xerar emprego e desenvolver talento, en definitiva, facer un Culleredo mellor. Temos xa camiño andado. É fundamental levar a cabo todas aquelas propostas que xa presentamos e aprobamos no anterior mandato e que moitas están xa en fase final de tramitación.

O benestar social, o deporte, a educación, a cultura, a mocidade e o desenvolvemento económico deben ser áreas prioritarias para o avance de Culleredo. O prisma social sempre foi bandeira do goberno socialista neste concello e apostamos de forma decidida porque así siga sendo.

Nesta configuración da nova corporación da que antes falaba é preciso destacar que a cidadanía decidiu que as forzas progresistas sexamos unha clara maioría, encabezadas polo Partido Socialista. Agora máis que nunca é necesario traballar da man para que a promoción dos dereitos sociais sexa innegociable, evitando calquera recorte no estado do benestar. Temos traballado moito en contar cun Concello aberto, que defende a todos os colectivos, especialmente os máis vulnerables, como para permitírnos ningún paso atrás. Na loita pola xustiza social, na defensa dos intereses dos veciños estarei sempre como alcalde, sabédelo perfectamente.

Para esta meta do progreso de Culleredo contaremos cuns actores esenciais: os veciños e veciñas. Un Concello moderno e en crecemento como o que queremos debe adaptarse ás demandas reais das persoas. Como alcalde, unha das miñas principais preocupacións será escoitarvos e responder da mellor maneira ás vosas necesidades. As miñas portas están abertas sempre.

Quero rematar con moitos agradecementos porque sei que moitas persoas o merecen. En primeiro lugar para os veciños e veciñas de Culleredo, polo apoio que nos concederon o pasado 28 de maio. Agora chega o momento de devolvervos todo este ánimo con accións reais que atendan ás vosas peticións e que se traduzan nese Culleredo en crecemento. Moitísimas grazas por apostar, un mandato máis, polo Partido Socialista como forza máis votada.

En segundo lugar, quero agradecer de forma sentida aos meus compañeiros e compañeiras e todas as persoas que colaborades no noso proxecto. Cada un de vos sodes pezas fundamentais para levar a cabo as nosas iniciativas de goberno, para estar xunto á veciñanza, para defender os nosos ideais. Vivimos momentos de satisfacción por ver realizados compromisos adquiridos, de rabia por vernos coas mans atadas para axilizar moitas solicitudes, e de moita ilusión polo futuro inmediato. O noso sentimento por Culleredo sempre supera calquera traba que nos atopamos e danos forza para continuar xuntos.

E, por suposto, quero agradecer especialmente ás persoas que teño máis ao meu carón sempre, nas boas e nas malas, día si e día tamén: a miña familia. A vosa comprensión está a ser infinita, conscientes da responsabilidade que supón a alcaldía. Sei que moitos días me botades de menos incluso máis do que vos boto eu a vós. Quero que saibades que sen o voso apoio constante nada disto sería posible. Moitísimas grazas por todo.

Quero finalizar cunha mirada positiva do futuro que temos máis inmediato. O noso concello ten cimentos para seguir crescendo, desafíos de sobra que afrontar e un potencial repleto de oportunidades.

Como alcalde, estou plenamente decidido a actuar con sensatez, tenacidade e consenso por un Culleredo que siga avanzando.

Moitas grazas.»

C.I.F. P-1503100-H

Finalizado o acto da sesión constitutiva o Sr. alcalde levanta a Sesión ás 12:30 horas, da que se estende a presente acta, de todo o cal, como secretario municipal do Concello de Culleredo dou fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta na sesión extraordinaria urxente do Pleno municipal do día 01/08/2023, segundo o borrador asinado o día 26/06/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e do secretario xeral, que dá fe.

O Alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

O Secretario xeral
(Asinado dixitalmente)

ANEXO I.- COMPROBACION DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DO CONCELLO DE CULLEREDO CON MOTIVO DA RENOVACION DA CORPORACION – XUÑO 2023.

«INFORME DE SECRETARÍA.

Asunto.- Informe memoria sobre a comprobacion do Inventario municipal de bens do Concello de Culleredo con motivo da renovacion da Corporacion – xuño 2023. Sesión constitutiva da Corporación municipal do 17/06/2023

Para dar cumprimento ao que dispón o artigo 36.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF), emítase o presente informe:

1.- O artigo 36.2 do R.O.F. dispón que o Secretario tomará as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais estea preparada a documentación relativa ao Inventario do patrimonio da Corporación nos seguintes termos.

«Sección primeira. Constitución, vigencia y finalización del mandato corporativo

Artículo 36.

2. Los Secretarios e Interventores tomaran las medidas precisas para que el día de la constitución de las nuevas Corporaciones Locales se efectúe un arqueo y estén preparados y actualizados los justificantes de las existencias en metálico o valores propios de la Corporación, depositados en la Caja Municipal o entidades bancarias, así como la documentación relativa al inventario del patrimonio de la Corporación y de sus Organismos autónomos.»

2.- Para cumprir coa obriga mencionada, emítase este informe que se basa nas seguintes consideracións:

Primeira.- Consultado o Libro de Actas do Pleno, resulta que o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada en data 8 de xuño de 1999, adoptou o acordo de aprobación definitiva do inventario modificado e autorizado pola Secretaría Municipal, co visto e praxe do Sr. Alcalde co resumo que se detalla a continuación:

Epígrafe	Valoración
Terreos e bens naturais	1.059.825.015.-
Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	813.432.085.-
Fincas rústicas	1.291.172.431.-
Industriais	17.013.600.-
Administrativos	157.907.844.-
Outras construcións	680.772.590.-
Automóviles	8.518.000.-
TOTAIS	4.028.641.565.-

Segunda.- Nesta Secretaría obra un documento que leva por título “Inventario de bens e dereitos” datado na súa portada no ano 1998, que consta dos seguintes tomos:

1. Tomo I: Listados
2. Tomo II: Bens inmobles – construcións
3. Tomo III: Bens inmobles – terreos I
4. Tomo IV: Bens inmobles – terreos II
5. Tomo V: Bens inmobles – vías públicas
6. Tomo VI: Outros mobles e vehículos
7. Tomo VII: Fotografías
8. Tomo VIII: Cartografía (que non ten ningún documento)
9. Tomo IX: Planos – I
10. Tomo X: Planos – II
11. Un cilindro de cartón que contén varios planos a escala 1:5000, datados no ano 1984

C.I.F. P-1503100-H

Neste documento, no tomo I, consta dilixencia estendida polo secretario xeral en funcións, D. Javier Varela Tejedor, de data 29 de decembro de 2003, na que se fai constar que con esa data e en cumprimento do disposto no artigo 32 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, queda autorizado o Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente na sesión plenaria o día oito de xuño de mil novecentos noventa e nove cunha valoración total de 4.028.641.565 .

Terceira.- En relación co Inventario municipal de Bens, salvo erro ou omisión involuntaria, constan os seguintes acordos:

- 1.- Acordo do Pleno da Corporación en sesión de data 29 de decembro de 2011 sobre a incorporación ao inventario de cinco bens cos códigos que alí se indican .
- 2.- Acordo plenario de data 23 de decembro de 2014 sobre aprobación inicial da rectificación anual do “inventario de bens, dereitos e accións” , acordando dar de baixa determinados bens e incorporar ou modificar outros.
- 3.- Acordo plenario de data 22 de decembro de 2015 sobre aprobación inicial da rectificación anual do “inventario de bens, dereitos e accións” , acordando dar de baixa determinados bens e incorporar ou modificar outros.
- 4.- Acordo plenario de data 26 de maio de 2016 sobre corrección de erros nos acordos de rectificación anual do “inventario de bens, dereitos e accións” do Concello, aprobados en sesións de data 23 de decembro de 2014 e 22 de decembro de 2015.
- 5.- Acordo plenario de data 29 de decembro de 2016 sobre aprobación inicial da rectificación anual do “inventario de bens, dereitos e accións” , acordando dar de baixa determinados bens e incorporar ou modificar outros.

Non obstante estes acordos plenarios, o Inventario Municipal de Bens do Concello de Culleredo non está actualizado, nin sobre o mesmo se ten adoptado acordos con carácter xeral nos últimos seis anos.

O mesmo informe xa foi emitido pola Secretaría municipal o 14/06/2019 (doc. USG13I00M1) con motivo da sesión constitutiva de 15/06/2019 da Corporación municipal para o mandato 2019-2023, sen que durante o mesmo se houberen tomado medidas encamiñadas a solucionar esa situación.

Cuarto.- Información contable.

Pola Intervención municipal se proporciona a seguinte táboa resumo por contas do PXCP (Plan Xeral de contabilidade pública) a 14/06/2023, na que se reflexan os totais por conta, e que debería corresponderse coa información do IMB (Inventario municipal de bens)

Resumo por Plan Xeral de Contabilidade Pública (P.X.C.P.) a 14/06/2023

C.I.F. P-1503100-H

Concello de Culleredo			
BALANCE EJERCCIO 2023			
CUENTAS		EJ. 2023	EJ. 2022
	A) Activo no corrente	90.305.716,54	89.366.795,54
	I) Inmovilizado intangible	1.055.540,80	1.055.540,80
200,201,(2800),(2801)	1. Inversión en investigación y desarrollo	36.784,00	36.784,00
206,(2806),(2906)	3. Aplicaciones informáticas	432.641,48	432.641,48
208,209,(2809),(2909)	5. Otro inmovilizado intangible	586.115,32	586.115,32
	II) Inmovilizado material	89.189.704,48	88.250.783,48
210,(2810),(2910),(2990)	1. Terrenos	13.295.159,82	13.295.159,82
211,(2811),(2911),(2991)	2. Construcciones	20.952.202,70	20.903.863,20
212,(2812),(2912),(2992)	3. Infraestructuras	13.577.050,13	12.867.121,63
213,(2813),(2913),(2993)	4. Bienes del patrimonio histórico	128.393,92	128.393,92
214,215,216,217 ,218,219,(2814), (2815) ,(2816),(2817),(2818),(2819) , (2914),(2915),(2916),(2917) ,(2918), (2919),(2999)	5. Otro inmovilizado material	7.361.756,97	7.181.103,97
2300,2310,232,233 ,234,235,237,238 , 2390	6. Inmovilizado material en curso y anticipos	33.875.140,94	33.875.140,94

	IV) Patrimonio público del suelo	60.471,26	60.471,26
241,(2841),(2931)	2. Construcciones	60.471,26	60.471,26

Conclusión.- Visto o anterior, se informa á Corporación “entrante”, resultado das eleccións municipais celebradas o 28/05/2023 que celebrará sesión constitutiva este próximo sábado 17/06/2023, da necesidade da actualización do Inventario Municipal de Bens do Concello de Culleredo.

Culleredo, a data da sinatura dixital
O secretario municipal
(Asinado dixitalmente)»

ANEXO II.- ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE CULLEREDO CON MOTIVO DA RENOVACION DA CORPORACION – XUÑO 2023.

C.I.F. P-1503100-H

ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2013 CON MOTIVO DO CAMBIO DE CORPORACIÓN

VALORES

EXISTENCIA EN CAIXA – VALORES	16.878.468,88 €
TOTAL VALORES:	16.878.468,88 €

METÁLICO (CAIXA CORPORACIÓN)

EXISTENCIA EN CAIXA – METÁLICO	0,00 €
TOTAL CAIXA-METÁLICO:	0,00 €

METÁLICO (CONTAS BANCARIAS)

ES79 2080 0065 3731 1000 0020	9.402.072,49 €
ES08 2080 0065 3131 1000 0137	184.078,55 €
ES78 2080 0065 3230 4000 6441	59.909,68 €

Código do documento	Código do expediente
USG17I04BS	USG/2023/121
Código de Verificación Electrónica (COVE)  1J5C 3R6I 226E 3L4N 179W	

ES67 0081 2310 7100 0108 7314	891.055,51 €
ES26 2100 3868 0702 0000 3793	344.414,64 €
ES60 0182 6244 4002 0015 0284	5.988.178,42 €
ES27 2080 0065 3331 1000 0182	8.737,79 €
ES43 2100 8685 3502 0000 0855	0,00 €
ES10 0182 6244 4207 1850 0171	21,80 €
ES66 2080 0065 3330 4001 2622	0,00 €
TOTAL CONTAS BANCARIAS-METÁLICO:	16.878.468,88 €

C.I.F. P-1503100-H